



“Teño a manía de querer facerme entender”

[Ana G. Liste](#)

19 de abril de 2024

<https://praza.gal/cultura/teno-a-mania-de-querer-facerme-entender>

Silvia Penas (Vigo, 1980) leva a poesía alí onde vai, e non deixa de subirse os escenarios cos seus diferentes proxectos. Máis dunha década con **Cintaadhesiva**, o proxecto poético-performativo-musical que mantén xunto a Jesús Andrés Tejada, e compaxina os poemarios como ***Retratos de vodas, partos e funerais***, editado por Galaxia o ano pasado e finalista nos premios Follas Novas, e as iniciativas máis performáticas como ***Vida útil da porcelana***, un recital a dúas voces con Samuel Merino –Pompa e Boato– co que gañaron o certame do Teatro do Porvir. Sempre con ideas na cabeza, aínda que deixe de escribir por temporadas, Penas quere agora explorar o soporte poético-fílmico de longa duración. A poeta participa do **festival Creativa** organizado desde a Galería Maraca en Vigo esta fin de semana, estará o domingo 22 ás 18:30 horas na galería viguesa da rúa Doutor Cadaval. Para a semana, o 26 de abril, actúa con Cintaadhesiva na Casa das Campás de Pontevedra no marco da **Semana da Creatividade**.

Aínda que a súa poesía parta da experiencia persoal, propia ou allea, sempre os converte en algo colectivo. É así como entende a poesía?

Creo que non entendo a poesía como que teña que ser algo en concreto. Sei que fago iso, desde logo como xa comecei na poesía dentro de colectivos –non como lectora– pero si comecei escribir e recitar entorno ás Redes Escarlata. O feito de facer tantas cousas performativas e no ámbito escénico tamén crea a idea de colectividade e de algo común. Considero que a performance encárgase de rachar as barreiras entre que é vida e que é arte. Aínda que non me atrevo a dicir que entendo por poesía, é certo que eu si a asocio cunha vivencia un tanto comunal, tamén cando escribo. Creo que final non somos todas tan distintas, a maioría das cousas explícanse case mellor socialmente que psicolxicamente. Parecémonos moito entre nós, que fai que algo literario sexa universal? Pois que é compartido. Ao final, as persoas cando creamos temos detrás unha necesidade de comunicación e aí entra o común.

Probablemente por deformación profesional, desde o xornalismo parece que só se pode escribir para contar cousas, aínda que sexa só a unha mesma.

Eu tamén fago un pouco iso, aínda que sexa coa miña conciencia é como se establecese unha conversa con esa outra eu que está a pensar. E creo que fago así un pouco con todo, a calquera cuestión que me xera conflito intento darlle todas as respostas posibles: que diría alguén que pensa o contrario a min? Á hora de ser introspectiva busco sempre esas outras voces e puntos de vista.

Diría que isto está especialmente presente no poemario *Retratos de vodas, partos e funerais* (Galaxia, 2023)?

Creo que si, quizá non está máis presente pero é máis evidente que noutros. É probable que sexa o meu poemario máis narrativo no sentido de contar historias, e resulta menos críptico que outros. Como foi un proceso bastante longo, os poemas foron mudando o ton. Pero é certo que é onde máis se aprecia isto, como unha especie de coro ou de paseo por onde se van atopando maneiras de ver un mesmo feito.

De onde parte este poemario?

O poemario naceu dun proxecto que tiven con Cintaadhesiva no que colaborabamos coa Orquestra clásica de Vigo. Chamouse *Retrato musical* e había vídeo-creacións de Jesús Andrés Tejada e eu puxen textos; sacouse o texto da ópera de Mozart *Così fan tutte* e metéronse os meus. Ía contando historias de distintas mulleres. Todas elas en xerundio, como se fora unha foto pero que non é fixa. *Emilia chorando, María esperando...* Despois seguí ese fío, decateime que tiña outros poemas anteriores que estaban en relación con eses e a partir de aí fun construíndo o poemario, por iso tamén ten partes, porque cada un apareceu nun momento.

Sendo tres temas case opostos entre si, no libro mantense un fío que os une e asimila.

Son como teimas –chámolle eu–, pequenos conflitos e intres que che crean unha necesidade de darlles unha imaxe e unha historia, un peso ou unha palabra, nomealos e poñelos nun lugar. Entón, ao final todo se relaciona. Tamén traballei moito o poemario para darlle unha estrutura, había moitísimos máis textos que quedaron fóra.

Fomos nós mesmas mentres non soubemos o que significaba ser nós mesmas, escribe no poema 'Vigo sen Príncipe'.

Nese poema imaxino toda a miña adolescencia coa miña amiga Andrea, que por iso é para ela. Case non o inclúo porque non estaba nada convencida con el, e todo o mundo me fala del. Ves como a adolescencia é a mesma a de todas?

De onde vén esta idea? En todo o poemario hai un cuestionamento e un propósito de aceptación dunha mesma fóra das normatividades que veñen impostas.

Ao non saber que é o lexítimo estás a gusto, empezas a cuestionarte se es axeitada ou se algo está ben ou mal cando alguén che di o que debera ser. Se non hai un paradigma, es e punto. Eu sempre fun moi *naif* e descubrir algunhas cousas na vida foi como un *shock*, cousas que non son aceptadas pola sociedade ou esas situacións nas que se decide que algo non é *cool*... Dar-me conta deses encaixes e esas etiquetas, nalgúns casos, foi moi violento para min. É como o de respirar, se pensas que tes que respirar, respiras mal. Na posmodernidade houbo moito *marketing* arredor do concepto 'se ti mesmo', e creo que nos fixo moito dano. Non me interesa nada porque, como dicía antes, somos moi todas moi parecidas. Non me refiro a que sexamos uniformizadas e igualiñas, senón a que compartimos cousas como comunidade.

Parece que escribe desde unha convicción político e social moi forte, que se harmoniza dentro dos seus poemas.

Claro, non son textos panfletarios nin social-realistas. Porén, se queres buscarlles un contido político e social, téñeno. Sei que o teño bastante presente, pero non é algo buscado, non é que queira expresar así o meu feminismo nin que son de clase obreira, simplemente é a miña realidade. Non creo que a literatura teña que estar para iso, pero si que é inevitable que estea ese compromiso porque imos translucir o que pensamos, o que somos e como vemos as cousas.

Como se consegue manter como poeta independente tanto no referente ás xeracións poéticas como no propio sistema literario, ao publicar en diferentes editoriais?

Falaba disto con Isaac Xubín, que é amigo e foi compañeiro de carreira. Cando nós comezamos non era un momento bo da poesía, nós nunca fomos poesía nova. A min nin se me ocorría que ía publicar nunca, nin sequera vía que o que eu escribía tivese que ver co sistema literario, e iso que estudei Filoloxía. Non é como agora, que coas redes sociais quen empeza a escribir poesía pode facelo público directamente. Eu nese sentido son máis do século XX e cando empecei pensaba que quen publicaba era xente maior que controlaba moito.

De feito, eu ata os case trinta anos non publiquei nada, e o primeiro foi en coautoría con Elvira Ribeiro. Digamos que eu xa empecei, aínda que si pertencía a unha xeración –a propia Elvira, Xubín, Xabier Xil Xardón– pero quedamos un pouco no medio entre a chamada xeración dos 90 –nós eramos máis ou menos desa idade pero comezamos publicar máis tarde– e a onda de agora. Ademais, como eu tamén estiven sempre cun pé no escénico, penso que ao diversificarte tes menos peso nese sistema. Por outra banda, ao estar en Vigo e non en Santiago nunca estiven no ‘centro’ cultural, en Vigo es máis anónima. E no das editoriais, como ao principio publiquei por premios fun caendo en distintos sitios e logo fun publicando en Urutau e agora en Galaxia, que publiquei a raíz do contacto co anterior director, Francisco Castro, que me manifestou o seu interese por contar comigo no catálogo da editorial.

Cando quere contar algo, como escolle que formato vai ter?

Non o sei moito, é algo que me vai xurdindo no proceso. Teño certa tendencia a empezar todo pola parte máis textual, vexo todo de inicio en forma de palabras, pero algunhas veces, como en realidade escribimos máis con imaxes que con palabras, vanme vindo atmosferas concretas e penso en que ese texto ten que ir acompañado por un vídeo. Teño a manía de querer facerme entender e é curioso que querendo tanto iso escriba poesía, quizá debera escribir ensaio ou algo narrativo máis diáfano. Imaxino todo de moitas formas, as imaxes, o vídeo, as músicas e incluso a roupa que levo. Intento crear unha atmosfera para que a xente entre nela, polo que todo o de arredor ten que colaborar para iso. Supoño que no fondo sempre quixen ser teatreira.

Máis dunha década despois de comezar co proxecto de Cintaadhesiva, teñen agora máis espazos aos que levar ese tipo de performance poética e audiovisual?

Si, está vivindo un bo momento a raíz de que se presta máis atención á poesía. Estamos chegando a espazos que non pensabamos. Non somos pioneiras, cando comezamos xa levaban tempo Aldaolado e outros proxectos, pero daquela non se programaba tanto e, polo tanto, había menos diversidade. Trátase de ir abrindo espazos e creo que nisto tivo moito que ver a explosión das redes sociais, que está todo máis accesible. Quen sabía do que se estaba movendo en poesía en Galicia? As que estabamos especialmente interesadas. Agora é moito máis doado.

Esa hiperconexión da actualidade aféctalle para crear?

Aféctame en todos os ámbitos vitais, créame com un estrés, unha alerta. Ocupa moitísimo tempo aínda que non nos decatemos. Son consciente de que me afecta negativamente, sobre todo pola présa e a inmediatez. Ese non é o estado da creación. Recordo comezar a crear cousas partindo dun aburrimiento total, case dunha apatía, ou dun conflito no que a temporalidade é un pouco extensa. A min a inmediatez córtame a reflexión. Por iso hai que ter estratexias para evadirse diso e ter espazos propios. Agora xa non hai que ter cuarto propio, como dicía Virginia Woolf, precisamos tempo propio.